




# FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

## OBXECTO E FUNCIONES

1. A FEDERACIÓN GALEGA DE REMO ten por obxecto a defensa e a promoción do REMO.
2. Corresponde á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, o Goberno, Administración, Xestión, Organización e Regulamentación do Remo.

### **\*Polo tanto, son funcións propias da Federación:**

- A. A convocatoria das seleccións deportivas e a designación dos deportistas que as integren.
- B. Colaborar coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Remo.
- C. Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos Deportistas Galegos de Alto Nivel.
- D. Colaborar e organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- E. Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- F. Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores e xuíces-árbitros segundo a normativa vixente.
- G. Contratar o persoal necesario para o cumprimento das súas funcións. En xeral, cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Remo.
- H. En xeral, cantas actividades contribúan ó desenvolvemento e mellora do Remo.



# FEDERACIÓN GALEGA DE REMO

**\*Son funcións públicas delegadas, en réxime de exclusividade:**

- A. Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas de Remo.
- B. Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- C. Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos nesta lei.
- D. Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- E. Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- F. Exercer a potestade disciplinaria de acordo á lei, ós estatutos e ós distintos regulamentos.
- G. Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- H. Colaborar coas administracións públicas na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Instruíndo e resolvendo os expedientes sancionadores no ámbito da dopaxe consonte ó establecido no Título VIII da Lei do Deporte de Galicia.
- I. Calquera outra que regulamentariamente se determine ou lle sexa atribuída pola lexislación vixente.

- 3. Os actos adoptados pola FEDERACIÓN GALEGA DE REMO no exercicio das funcións propias ou delegadas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.**